



Pura Vázquez: 50 años en la poesía

La poetisa Pura Vázquez recibió ayer el homenaje del Liceo, al cumplirse medio siglo de su dedicación a la poesía.

Pág. 16

POESIA

Homenaxe no Liceo

“A verdadeira herdeira de Rosalía é Pura Vázquez”



Foto: DOCAMPO

Pura Vázquez, antes do acto de homenaxe.

“Margenes veladas”, o primeiro libro de poesía de Pura Vázquez, viu a luz en 1944. Onte, nun acto onde literatos galegos se deron cita no Liceo ourensán rindiuse homenaxe a unha labourea de xa medio século adicado á creación literaria. “Queremos agradecer a Pura Vázquez su vida dedicada a la poesía y el ourensanismo”, afirmou José Carlos Martínez-Pelayo, presidente do Liceo. A poeta ourensán foi protagonista de todala tarde, porque na sobremesa o Grupo Dolmen fixo unha letura poética das súas obras.

Desde “Margenes veladas” ata o actual “Se digo Ourense” Pura ten escrito coarenta libros de poemas, tanto en castelán como en galego, feito que destacou Victor Campio. “Pura Vázquez é unha poeta bilingüe –afirmou Luz Pozo–, que domina as dúas linguas”. Campio fixo un percorrido pola obra de Pura aparecida en decenas e decenas de medios impresos de Galicia, España e o

estranxeiro. Tamén recordou entre eles á revista Posío.

A poeta coruñesa Luz Pozo e a poeta lucense Carmen Blanco introduciron-se na vida e obra de Pura Vázquez, desmenuzando as súas claves. O primeiro libro en galego de Pozo, “O páxaro na boca”; e de Pura, “Íntimas”, coincidiron no tempo. Ambos foron publicados en 1952. Pozo tivo tamén neste intre un recordo para o apoio recibido polo poeta lucense Manuel María, tamén presente na sala. “Pura e Dora teñen en común ser galegas, ourensáns e pioneiras da lingua poética do noso país”, afirmou Luz Pozo. Esta resaltou o valor do libro “O Desacougo” de Pura, porque “reune a realidade absoluta do que foi esta muller nos tempos da emigración, sempre loitando por volver e sempre voltando de novo”. Definiu tamén a Pura como “dona do verso, a verdadeira herdeira da poesía de Rosalía”.

A.M.F.